



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día cinco de novembro do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba
- D. Javier González Verde
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO 1º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL NÚMERO 2/2012.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

D. José Manuel Domínguez Freitas, Alcalde-Presidente do Concello de A Guarda, no exercicio das facultades que me atribúe a Lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:


Ante a falla de tramitación de facturas pertencentes a exercicios anteriores no departamento de Intervención.

Visto o informe de Intervención de data 24/10/2012, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, imputándose as mesmas as aplicacións orzamentarias do vixente orzamento municipal.

En atención ao exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento dos créditos, N 02/2012, correspondentes a gastos sen consignación orzamentaria, que se relacionan no Anexo I adxunto ao expediente.

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2012, os correspondentes créditos, con cargo ás partidas que se relacionan no ditado Anexo I.

En A Guarda, a 24 de Outubro de 2012.”

Intervén a señora Magallanes Álvarez e explica que o asunto foi sometido á Comisión de Contas, e xa se explicou que se trata de facturas a principio do exercicio 2012, pero de gastos realizados no 2011. Di que a principios deste exercicio se preparou o Plan de Pago a Proveedores, pero a partir do mes de maio a Intervenora tivo problemas de saúde, e finalmente causou baixa, polo que non foi posible preparalo antes. Di que unha vez aprobadas, se procederá inmediatamente ao seu pago.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo con facer fronte aos pagos atrasados, pero votará en contra pois se xa sabían da súa existencia, tiñan que telas metido no orzamento.

O señor Lomba Alonso di que o BNG ten sempre a mesma postura neste tema: non poden facer pagar ós que fixeron a servizo, pero isto é consecuencia da xestión do Concello, se van abster, non están de acordo co proceder do equipo de goberno, pero os provedores non deben sufrir as consecuencias desa xestión.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que xa amosaron a súas dúbidas na Comisión de Contas, se van abster.

A señora Magallanes Álvarez di que se trata de facturas presentadas neste exercicio, non hai outra posibilidade para poder pagalas, non hai culpa do equipo de goberno, a lei prevé este procedemento. Explica que aínda que se houberan incorporado ó orzamento, esta tramitación deberían facerse tamén. Sempre se fixo ó principio do exercicio, pero este ano, polas circunstancias, foi imposible facelo antes.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

PUNTO 2º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO/ SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 17/2012.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

En relación co expediente relativo a aprobación da modificación de créditos n.º 17/2012 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario / suplemento de crédito vinculada ao expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, financiado con cargo a operación de endebedamento esixida polo R.D.Ley 4/2012.

Considerando a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que non existe crédito, ou ben proceden de compromisos de exercicios anteriores pendentes de aplicar ao orzamento, por Providencia de Alcaldía se incoou expediente para a concesión de crédito extraordinario / suplemento de crédito, vinculado ao expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Visto o informe de Intervención.

De conformidade co establecido nos artigos 21 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local e 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, elévase a seguinte proposta de resolución:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 17/2012 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario / suplemento de crédito, financiado con cargo a operación de endebedamento esixida polo R.D.Ley 4/2012, baixo o seguinte resumo por capítulos:

Presupuesto de Gastos

CAP.	DESCRIPCIÓN	MODIFICACIÓN
2	Gasto Corriente	487.732,91
	TOTAL	487.732,91

Presupuesto de ingresos



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



CAP.	DESCRIPCIÓN	MODIFICACION
9	Pasivo fin.	487.732,91
	TOTAL	487.732,91

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insertado no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non se teñan presentado reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

En A Guarda, a 24 de outubro de 2012"

A señora Magallanes Álvarez di que este punto está vinculado ó punto terceiro. Trátase de facer a aplicación orzamentaria dunha serie de facturas que se pagaron co Plan de Pago a Proveedores. Se esperou ás instrucións que se deu ós Concellos, e o criterio do Interventor e da Tesoureira é resolvelo neste exercicio, se trata de facturas xa pagadas.

A señora Estévez Álvarez di que se van abster, quere deixar claro que xa que foi o Goberno o que creou o crédito para pagar as facturas, debían ter pensado antes os pasos pertinentes para facer estas cousas.

O señor Lomba Alonso di que se van abster, se trata dunha imposición do Goberno do PP, que atenta contra a autonomía dos Concellos. Explica que o BNG non estivo de acordo coa Lei, pero saben que hai que cumprila.

A señora Iglesias Ferreira di que vista a proposta da Alcaldía e o informe de Intervención, non serán obstáculo neste punto.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove abstencións).


PUNTO 3º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL NÚMERO 3/2012.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

D. José Manuel Domínguez Freitas, Alcalde-Presidente do Concello de A Guarda, no exercicio das facultades que me atribúe a Lexislación vixente, propono ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

Ante a falla de tramitación de facturas pertencentes a exercicios anteriores no departamento de Intervención.

Visto o informe de Intervención de data 24/10/2012, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, debéndose tramitar a oportuna modificación de crédito para realizar a consignación necesaria para o seu financiamento, expediente tramitado paralelamente ao presente.

En atención ao exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO. *Aprobar o recoñecemento dos créditos, Nº 3/2012, correspondentes a gastos sen consignación orzamentaria, que se relacionan no Anexo I adxunto ao expediente.*

SEGUNDO. *Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2012, os correspondentes créditos, con cargo ás partidas que se relacionan no ditado Anexo I.*

En A Guarda, a 24 de Outubro de 2012”.

A señora Magallanes Álvarez explica que se trata de recoñecer estas facturas para rexistralas e contabilizalas.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove abstencións).

PUNTO 4º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS. ACTUALIZACIÓN IPC.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS (ACTUALIZACIÓN TARIFAS I. P.C.)



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



De cara a unha adecuación das taxas do Concello da Guarda ó custo efectivo de prestación de servizos, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:

Aprobación provisoria da modificación de diversas Ordenanzas municipais reguladoras das taxas que se relacionan, mediante a actualización das mesmas na contía do I.P.C. (2,1 %)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

ANEXOS

Por cada dictame do técnico municipal sobre recoñecemento de predio a petición de particular..... 40,55€

Por cada informe sobre liña ou rasante solicitado con carácter previo e obrigatorio á obtención de licenzas de obra..... 81,24€

Por cada licenzas de traspaso de establecemento ou industria, de pais a fillos ou entre cónxuxes..... 121,82€

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2012, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA MUNICIPAL POR RECOLLIDA E INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA.

Artigo 5. Cota tributaria.

A cota tributaria determínase por unha cantidade fixa, de acordo coa seguinte tarifa:

EPÍGRAFE UN: Inmobilización.

Por inmobilización..... 16,30€

EPÍGRAFE DOUS: Vehículos abandonados.

Por vehículos retirados do seu emprazamento pola grúa:

Enganche..... 24,34€

Retirada..... 40,79€

EPÍGRAFE TRES: Vehículos mal estacionados.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Sen abandono do seu propietario retirados pola grúa (Municipal ou contratada):

Enganche..... 24,34 €
Retirada..... 40,79 €

Máis o 50% de recargo sobre os 40,79 € se a intervención se realiza dende as 19:00 h. do sábado ás 08:00 h. do luns, así como dende as 19:00 h. das vésperas de festivos ata as 08:00 h. do día seguinte. Aumentará nun 50% da base de 40,79 € tódolos servizos que se realicen dende as 20:00 h. ás 08:00 h. da mañá.

EPÍGRAFE CATRO: Depósito.

Por cada día ou fracción..... 20,30 €

EPÍGRAFE CINCO: Outros cargos.

Así mesmo, no cómputo da contía xeral para efectuar a retirada do vehículo, deberán aboar a sanción que corresponda, segundo o cadro de Multas da Ordenanza Municipal de Circulación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2012, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA.

Artigo 8. Cota tributaria.

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no presente artigo.

2.- As tarifas serán as seguintes:

Quioscos dedicados á venda de prensa, libros, tabaco, loterías, lamberetadas, etc. ó ano..... 652,14 €

Quioscos dedicados á venda de xeados e demais artigos propios de temporada ó ano..... 326,06 €

Outros quioscos non especificados ó ano..... 652,14 €

3.- Os titulares dos quioscos que acrediten unha minusvalía do 33% ou superior e os dos postos de venda da ONCE e similares pagarán o 25% das tarifas sinaladas no apartado



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



anterior, sempre que atendan as mesmas persoas, cun grado de minusvalía igual ou superior ó sinalado.

4.- No suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa determinarase polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación, que en ningún caso poderá ser menor da cantidade resultante da aplicación dos apartados anteriores.

5.- A taxa regulada nesta ordenanza é independente e compatible coa taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2012, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS OU CARRUAXES A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

Artigo 6. Cota tributaria.

1.- A contía da taxa determinarase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas:

Tarifa primeira

Entrada de vehículos en locais, con reserva de vía pública mediante a prohibición de estacionamento, de cara á entrada de vehículos ó interior dos mesmos, ó ano:

En vivendas unifamiliares.....	48,73€
En garaxes colectivos ata 10 prazas.....	162,41€
En garaxes colectivos de máis de 10 prazas.....	16,23€/praza.

Tarifa segunda

Reserva de espazos ou prohibición de estacionamento na vía pública:

Por cada metro lineal ou fracción, ó ano..... 19,82€

Por cada parada de autoturismo na vía pública por praza, unha cota anual de..... 40,59€



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa determinarase polo valor da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

Tarifa terceira

Por venda de placa de reserva de aparcamento..... 29,63€.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2012, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO.

TARIFAS

Vivendas de carácter familiar, incluso as de carácter estival..... 63,26 €.

Banca e Caixas de Aforro..... 885,54€

Locais comerciais e centros recreativos..... 126,50€

No caso de locais comerciais, profesionais ou de outros usos que se atopen pechados ou sen utilización, aplicarase unha tarifa reducida de..... 47,25€

Bares e cafeterías..... 216,34€

Hoteis-residenciais, hoteis, hostais, fondas e pensións..... 379,52€

Comestibles (epígrafes 647.1 e 647.2)..... 227,72€

Almacéns e industrias..... 379,52€.

Restaurantes zona A (Porto e Paseo Marítimo)..... 632,53€

Restaurantes zona B..... 379,52 €.

Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4)..... 2.150,61€

Salas de festas, discotecas e bares especiais..... 632,53 €.

Estacións de servizo..... 275,67€

Talleres de reparación de automóbiles..... 157,54€



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Talleres de reparación de automóviles, concesionario oficial.....	433,24€
Hoteis e restaurantes con salón de vodas e cámpings.....	1.391,58
Oficinas, despachos profesionais e pequeno comercio que polas súas características implique unha escasa utilización do servizo.....	63,26€
Xeriátricos.....	632,53 €
Tanatorios.....	227,27€

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2012, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

TAXA POR SUMIDOIRO.

TARIFAS

Vivendas.....	31,63€
Bares, cafeterías, hoteis e similares.....	50,61€
Demais establecementos.....	10,12€
<i>Dereitos de acometida.....</i>	<i>94,88€.</i>

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2012, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa..

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDAS.

Artigo 5.- Base imponible e tipo de gravame.

A base imponible será a de 380,16 €/m² de construción.

Os tipos de gravame serán os seguintes:

Ata 150 m ² habitables.....	0,10%.
Dende 150 m ² ata 200 m ² habitables.....	0,20%.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Máis de 200 m² habitables..... 0,30%.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2012, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa..

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.

ANEXO:

PREZOS DA AUGA

a) Usos domésticos:

- Prezo do m ³ : - Subministro.....	0,37 €
- Depuración.....	0,37 €
Total.....	0,74 €
- Consumo mínimo a liquidar trimestralmente:	
-Consumo de 0 a 15 m ³	15 m ³
-Consumo de 16 a 30 m ³	30 m ³
- Por cada m ³ consumido en exceso sobre o mínimo (subministro e depuración):	
-Consumo de 31 a 40 m ³ :	
-De 0 a 30 m ³	0,74 €
-De 31 a 40 m ³	0,95 €
-Consumo de 41 a 50 m ³ :	
-De 0 a 30 m ³	0,74 €
-De 31 a 50 m ³	1,11 €
-Consumo de 51 m ³ en adiante:	
-De 0 a 30 m ³	0,74 €
-De 31 m ³ en adiante.....	1,37 €

b) Usos industriais, comerciais, incluso obras:

-Prezo do m ³ : - Subministro.....	0,55 €	
- Depuración.....	0,37 €	
Total.....	0,92 €	
-Consumo mínimo a liquidar trimestralmente:		
-Consumo real de 0 a 20 m ³	20 m ³	
-Consumo real de 21 a 40 m ³	40 m ³	
-Por cada m ³ consumido en exceso sobre o mínimo de 40 m ³ (subministro e depuración):.....		1,18 €
b) Dereitos de acometida:		
- Por contador.....	91,51 €	



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



- c) Por gastos de inspección e revisión de contadores:
- *Taxa fixa trimestral*..... 0,91 €.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2012, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa..

SEGUNDO:

Publicar o anuncio de exposición ó público durante quince días hábiles, dos acordos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nun dos xornais de maior difusión provincial, así como no taboleiro de anuncios do Concello ó obxecto de que os interesados e as interesadas poidan examina-lo expediente administrativo e presentar por escrito as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO:

Entender definitivamente aprobada a ordenanza fiscal reguladora do tributo no suposto de que non foran presentadas reclamacións por escrito (no período de exposición ó público antes citado) sen necesidade de adoptar novo acordo plenario naquel sentido, ou no seu caso, adopta-lo acordo de aprobación definitiva do tributo con resolución expresa das reclamacións presentadas.

CUARTO:

Publicar, rematado o prazo de exposición ó público, e no caso de que non houbera reclamacións, os textos íntegros das modificacións das ordenanzas fiscais no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra”.

A Guarda, 22 de outubro de 2012

O Alcalde,

Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que se trata da adecuación de certas taxas á suba do IPC. Explica que existe un acordo tácito de utilizar como referencia o IPC de cada ano, correspondente ó mes de abril, que neste caso é o 2,1%. Na Comisión de Contas se dixo que non se asume a suba do IVE, e pon como exemplo SOGAMA, que sube dous puntos, ou a luz, que afecta a servcios como a depuración de augas. A suba neste caso é do 2,1 %, consideran que é necesario para garantir a sostibilidade dos servcios.

A señora Estévez Álvarez di que votarán en contra, pois nos tempos que corren deberían conxelarse, como noutros Concellos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



O señor Lomba Alonso di que en épocas extraordinarias deben adoptarse medidas extraordinarias. Votarán en contra, pensa que o equipo de goberno debeu reflexionar sobre a situación da cidadanía, non é o momento de cargalos, os salarios non suben e nalgúns casos baixan, sube o IVE e o canon do auga, e se producen unha serie de reformas laborais salvaxes. Di que é o momento de poñerse ó lado das familias que o pasan peor, o equipo de goberno debera asumir a conxelación das taxas e buscar outras vías.

A señora Iglesias Ferreira di que non van apoiar a proposta.

Intervén a señora Magallanes Álvarez, que quere deixar claro que a preocupación máxima do equipo de goberno e de todos os grupos que integran a Corporación é o desemprego das familias, e o esforzo maior dende o equipo de goberno é apoiar ás familias. Di que a sensibilidade é máxima, pero esta adecuación se fundamenta en non ter que xerar máis complicacións, supón 3,15 euros anuais para cada familia, a suba terán que asumila todas as familias, e así se consegue facer sostibles os servizos. Explica que hoxe está sobre a mesa unha proposta da Deputación de Pontevedra, de asunción do servizo de lizo, e se os Concellos non garanten os servizos, van ter que traspasalos. Iso supón que o servizo se privatizaría, e se pregunta qué pasaría cos cinco empregados municipais que actualmente prestan ese servizo. Cre que debe ser un servizo propio, é a forma máis directa e axeitada de prestalo. Indica que as Ordenanzas conteñen unha bonificación do 50% para familias con situación precaria, hai un procedemento para acadalo. Comparten que en situacións excepcionais, as medidas deben ser excepcionais, pero a súa máxima preocupación é a sensibilidade cos que o pasan peor, tratando que facer sostibles os servizos. Finaliza dicindo que a adecuación ó 2,1% é necesaria.

O señor Lomba Alonso di que cando falan da conxelación de taxas, falan do período extraordinario que estamos pasando, non só se refiren ás persoas que podan pedir bonificacións, senón do conxunto da sociedade, pois case todos perderon poder adquisitivo. O Concello ten que ser sensible, é algo que afecta ó conxunto da poboación, e o equipo de goberno ten que asegurar, por outras vías, a viabilidade dos servizos públicos.

A señora Magallanes Álvarez insiste na proposta da Deputación de Pontevedra, di que non é baladí, os traballos se teñen adiantados e hai reunións previstas. Eles apostan por que o servizo siga sendo municipal, pois a Ordenanza provincial supón un incremento do custe en máis do 25%. Para evitar ter que adherirse teñen que garantir a sostibilidade do servizo, co que xenera ese servizo. Non queren subir en exceso o lixo, pero precisan ser capaces de afrontar a suba do IVE e a adecuación ó IPC permitirá garantir o servizo e defendelo ante a Deputación, para mantelo en máns municipais. Di que o plantexa aquí para que se madure e sexa valorado, pois o servizo pasaría a ser máis lonxano, máis caro e menos directo.

Intervén o señor Alcalde e diríxese ó BNG dicindo que non teña dúbida dos esforzos para mellorar os ingresos e conter os gastos. Explica que para manter os ingresos, durante moitos anos, as licencias urbanísticas outorgaban un “colchón”, pero agora xa non. Ademais, desapareceu o esforzo doutras Administracións, e así, a Xunta baixou as aportacións en servizos como a EIM, e últimamente na subvención ós Axentes de Emprego, pensa que a aposta por manter os servizos non se mira de forma compartida, polo que resulta absolutamente necesario adecuar as Ordenanzas, se están facendo grandes esforzos para poder manter os servizos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



O señor Lomba Alonso di que fronte ós recortes da Xunta de Galicia, o BNG está co Concello, pero ten dúbidas en canto os esforzos que se están levando a cabo, á vista dos gastos que se fan e da confección do orzamento. Di que nas últimas dúas lexislaturas custoulles presentar o orzamento, e resalta cómo se facían, pois os informes xa sinalaban que eran moi positivos nas previsións de ingresos, pois se miran as partidas que se prevén e os resultados finais, existen importantes desfases, debe tomalo en serio.

O señor Alcalde di que fan o orzamento o mellor que saben e o mellor que poden, e sinala que o desfase será maior se non se sube o IPC.

Sometida a votación a proposta acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove votos en contra).

A prososta non prospera.

PUNTO 5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APERTURA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E POSTA E FUNCIONAMENTO DA CAFETERIA DA ESTACIÓN MARÍTIMA DO PASAXE NO CONCELLO DA GUARDA

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente para adxudicar a contratación da xestión, explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería na Estación Marítima de Pasaxe no Concello de A Guarda, vistos os informes de Secretaría e Intervención

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- A aprobación do expediente de contratación, así como do Prego de cláusulas administrativas-técnicas para adxudicar a contratación da xestión, explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería na Estación Marítima de Pasaxe no Concello de A Guarda, cunha duración de 16 anos.

2.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aberto, e ordenar a publicación dos anuncios correspondentes no BOP e no DOGA.

A Guarda 29 de outubro de 2012

O Alcalde,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



José Manuel Domínguez Freitas”

A señora Estévez Álvarez di que votará en contra, igual que no anterior Pleno, o importe do canon parécelle abusivo, poderían poñelo máis baixo e despois subilo co acordo do contratista.

O señor Lomba Alonso di que se van abster, consideran que este servizo debe poñerse en marcha, hai unha responsabilidade do equipo de goberno na situación actual. O Concello non pode facer deixadez das súas funcións e deixar un furado nas arcas municipais. O BNG non está de acordo coa situación alí das instalacións, non serán un obstáculo, pero piden ó equipo de goberno que se tome moi en serio esta adxudicación, poderían entrar en discusións sobre o canon e a situación de crise económica, pero o que piden é que sexan rigorosos co cumprimento deste contrato. Pensa que pola súa duración, esta concesión pode abranguer diferentes gobernos, e non debe repetirse o que sucedeu, deben ser responsables para non cometer erros do pasado.

A señora Iglesias Ferreira di que lle parece razoable o expresado polo BNG, e di que o PP mantén a súa postura de non ser un obstáculo na tramitación. Di que é unha pena o retraso, se ben son coñecedores do problema que houbo en Intervención, e cren necesaria a posta en marcha do servizo.

Intervén o señor Español Otero e diríxese ó señor Lomba Alonso para dicir que non é unha cuestión de canon, senón que estriba na xestión do negocio. Antes dixeron que habería que buscar outras formas de conseguir ingresos polo Concello, e deberán estar atentos ó discorrir da concesión, facer as cousa con acerto, pois non se va a regalar a concesión. Pensa que hai posicionamentos que se van volver en contra dalgún grupo, pois non lle parece razoable que se propoña unha suba do IPC e se vote en contra, e despois se considere alto o canon desta concesión. Estarán vixiantes, non entenden a postura de Convergencia Galega, esperan que a cafetería sexa rendable para o contratista e que o Concello se beneficie dos ingresos.

O señor Lomba Alonso di que el non falou do canon, senón que expresou que tiñan unhas dúbidas, se ben deixaron claro que iso non era o máis importante, e deixou claro que a situación actual é consecuencia da mala xestión do equipo de goberno, é responsabilidade do equipo de goberno. En relación co IPC, segue dicindo que os orzamentos non se realizan ben, pois hai ingresos que non chegan nin ó 20% da previsión. Insiste en que se tomen en serio esta adxudicación, serán os aspirantes os que consideren se é rendable ou non, a eles se lles xeraron dúbidas, pois se co anterior canon houbo problemas, non sabe qué pasará cun canon máis elevado.

O señor Español Otero di que da súa intervención se desprende que ten dúbidas.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e quince minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre